

PRESIDENTA:

Dona M^a Victoria Alonso Méndez

VOGAIS:

Dona Noemí Outeda Prol
 Dona Raquel Giráldez Armas
 Dona Ana María Mejias Sacaluga
 Dona Iria Lamas Salgueiro
 Dona Ana Laura Iglesias González
 D. Santos Hector Rodriguez Díaz
 D. Gorka Gómez Díaz en substitución
 de Dona Olga M^a García Ballesteros
 Dona María Paz Lago Martínez
 D. Jorge Cubela López
 D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
 D. Javier Tourís Romero
 D. Ignacio Maril Pardo
 D. José Carlos López Campos
 D. José Alfonso Marnotes González
 D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo
 Dona María Ortega Iñarrea

**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA
COMISION INFORMATIVA DE
IGUALDADE CELEBRADA O DIA 21 DE
OUTUBRO DE 2022**

En Pontevedra, sendo as doce horas e vinte minutos do día 21 de outubro de 2022, reúnense na Sala de Xuntas da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona María Victoria Alonso Méndez, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade.

Actúa como Secretaria, por delegación do Sr. Secretario Xeral, Dna. Ana Isabel Amoedo Garrido, adxunta xefatura do Servizo de Igualdade.

Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 23 DE SETEMBRO DE 2022.

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión ordinaria celebrada o día 23 de setembro de 2022.

2. DAR CONTA DA CREACIÓN DA COMISIÓN SEGUIMENTO DO MANIFESTO DE SOUTOMAIOR E APROBACIÓN DA SÚA NORMATIVA DE FUNCIONAMENTO (Código do expediente 2022058159).

A xefa do Servizo de Igualdade elabora un informe con data 18 de outubro de 2022, sobre a creación da Comisión Seguimento do Manifesto de Soutomaior e aprobación da súa normativa de funcionamento, cuxo contido literal é o seguinte:

"A consecución da igualdade real e efectiva de mulleres e homes en todos os ámbitos da vida social, política, económica e cultural e, a loita contra a violencia de xénero constitúense como unhas das principais liñas estratéxicas de actuación da Deputación de Pontevedra que impulsa a través do



Servizo de Igualdade. Entre outras, destaca a recuperación do legado das mulleres co fin de facer visible o seu traballo e combater a discriminación sufrida o longo da historia.

Dende hai seis anos, a Biblioteca Nacional de España en colaboración coa Asociación Clásicas e Modernas, organiza a celebración do Día das Escritoras, unha iniciativa que ten co obxectivo reivindicar o labor e o legado das escritoras ao longo da historia.

No ano 2021, a Deputación de Pontevedra quixo unirse á citada celebración da 6ª edición e, por elo conmemorou este Día das Escritoras o 8 de novembro de 2021 no Castelo de Soutomaior cunha xuntanza de mulleres, encontro de autoras e editoras galegas e xestoras públicas da Deputación de Pontevedra.

Trala celebración dos faladoiros e as reflexións, o debate concluíu coa sinatura dun manifesto histórico, denominado "Manifesto de Soutomaior". Nel denúnciase as diferentes situacións de desigualdade que existen no mundo da escrita e propónse un plan de acción para rachar con elas. O documento recolle as firmas de 19 mulleres, entre elas, autoras, editoras, libeiras e xestoras públicas.

Para traballar en prol da consecución dos obxectivos marcados neste documento histórico, considerase necesario a creación dunha comisión de seguimento do Manifesto de Soutomaior que revise cada unha das doce decisións tomadas e elabore un plan de acción contra a desigualdade no que se recollan as medidas para reducir a fenda de xénero na esfera da escritura porque no mundo editorial e literario galego a situación das autoras e editoras é, aínda, desalentadora.

A Comisión de seguimento do Manifesto de Soutomaior ten por obxecto o asesoramento sobre a determinación das liñas estratéxicas e directrices xerais de actuación para reivindicar o labor e o legado das escritoras así como da planificación, programación, fomento e supervisión das súas accións e actividades para acadar a igualdade de oportunidades na creación e produción artística e intelectual.

*Resultando que con data 8 de setembro de 2022 o Servizo de Igualdade de (CSV: X35329SE537BS1ME), emite informe no que considera xustificada a creación da Comisión e, visto o informe de Secretaria de 12 de setembro de 2022 (CSV: OG84XFGARVUKG7E4) e a dilixencia de conformidade de Intervención de 17 de outubro de 2022 (CSV: S2IC1M714PV66BR5); por Resolución Presidencial nº RP2022007375, de data 18 de outubro de 2022, **aprobase a creación da Comisión de Seguimento do Manifesto de Soutomaior e a normativa de funcionamento da citada Comisión.***

A normativa de funcionamento da Comisión de Seguimento do Manifesto de Soutomaior queda redactada de acordo ao seguinte teor literal:



"NORMATIVA DE FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO MANIFESTO DE SOUTOMAIOR

A igualdade como dereito está recollida nos artigos 9.2 e 14 da Constitución española, e tamén na Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia. Ambas as normas sinalan que os poderes públicos teñen a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas, co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis democrática, xusta e solidaria.

O principio de igualdade de trato entre mulleres e homes supón a ausencia de calquera discriminación, directa ou indirecta, por razón de xénero en todos os ámbitos da vida, concretamente nas áreas económica, social, laboral, cultural e educativa.

Na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (LOIEMH), que se constitúe como o marco xurídico e legal da igualdade entre mulleres e homes a nivel de todo o Estado español; na Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero; e no Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, garántense e desenvólvense principios fundamentais, coma a igualdade de dereitos e oportunidades, e faise especial énfase na necesidade de integrar o principio de igualdade.

No capítulo II, artigo 26, da LOIEMH, relativo á igualdade no ámbito da creación e produción artística e intelectual, indícase que "as autoridades públicas, no ámbito das súas competencias, velarán por facer efectivo o principio de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes en todo o concernente á creación e produción artística e intelectual e á difusión desta. Os distintos organismos, axencias, entes e demais estruturas das administracións públicas, que de modo directo ou indirecto configuren o sistema de xestión cultural, deberán adoptar iniciativas destinadas a favorecer a promoción específica das mulleres na cultura e a combater a súa discriminación estrutural ou difusa, promover a presenza equilibrada de mulleres e homes na oferta artística e cultural pública, entre outras".

No marco destas iniciativas, desde hai seis anos, a Biblioteca Nacional de España, en colaboración coa asociación Clásicas y Modernas, organiza o Día das Escritoras, que ten como obxectivo reivindicar o labor e o legado das escritoras ao longo da historia. A data elixida para a devandita celebración é o luns máis próximo á festividade de Tareixa de Xesús, que se conmemora o 15 de outubro.

En 2021 a Deputación de Pontevedra quixo unirse á citada celebración da 6.ª edición e por iso conmemorou este día o 8 de novembro de 2021 no castelo de Soutomaior cunha xuntanza de mulleres, encontro de autoras e editoras galegas e xestoras públicas. Despois do festexo, dos faladoiros e das reflexións, o debate concluíu coa sinatura dun documento denominado Manifesto de Soutomaior, que toma como exemplo o modelo da Declaración de Seneca Falls do século XIX. Nel denúncianse as diferentes situacións de desigualdade que existen no mundo da escrita e propónse un plan de acción para rachar con elas. O documento recolle as firmas de dezanove mulleres, entre elas, autoras, editoras, libeiras e xestoras públicas.

No Manifesto de Soutomaior inclúense doce decisións que deben servir de referencia futura para conseguir a igualdade na creación e produción artística e intelectual. O documento reclama dereitos para as mulleres, neste caso para as mulleres da cultura e das letras, nas que tamén existe a fenda de xénero.

Para cumprir os obxectivos marcados neste documento histórico, cómpre crear unha comisión de seguimento do Manifesto de Soutomaior que revise cada unha das doce decisións tomadas e elabore un plan de acción contra a desigualdade no que se recollan as medidas para reducir a fenda de xénero na esfera da escritura, porque no mundo editorial e literario galego a situación das autoras e editoras é, aínda, desalentadora.



Por esta razón, e sen prexuízo de futuras posibles decisións que no seu momento se poidan adoptar en canto á súa forma de xestión, enténdese oportuno crear unha comisión de seguimento do Manifesto de Soutomaior, cuxa normativa de funcionamento é a seguinte:

Art. 1. Denominación e natureza

Créase a comisión de seguimento do Manifesto de Soutomaior como órgano colexiado e consultivo con funcións asesoras de carácter técnico nas materias da súa competencia.

Art. 2. Fins

Son fins fundamentais da comisión de seguimento asesorar sobre a determinación das liñas estratéxicas e directrices xerais de actuación para reivindicar o labor e o legado das escritoras, así como planificar, programar, fomentar e supervisar as súas accións e actividades para acadar a igualdade de oportunidades na creación e produción artística e intelectual.

Art. 3. Funcións

Son funcións da comisión de seguimento, dentro do seu ámbito de competencia como órgano consultivo, as seguintes:

1. Actuar como órgano de asesoramento do Manifesto de Soutomaior
 2. Asesorar polo cumprimento da misión, dos valores e das funcións
 3. Solicitar a paridade nos xurados dos premios literarios que se realicen en Galicia, organizados tanto por institucións públicas coma privadas
 4. Solicitar a paridade nas edicións de antoloxías e de compilacións de obras de escritoras e escritores galegos editadas por institucións públicas e privadas
 5. Pedir a inclusión obrigatoria das escritoras galegas e das súas obras nos plans de estudo de colexios, institutos e universidades galegas
 6. Solicitar o recoñecemento das obras das escritoras galegas e da súa traxectoria literaria mediante premios, actos de homenaxe, adxudicación de nomes de rúas en distintos municipios e creación de monumentos e esculturas dedicadas a elas e ás súas obras, tanto en espazos públicos coma privados
 7. Pedir que sexan mulleres as que ocupen as cadeiras na Real Academia Galega nos vindeiros dez anos
 8. Solicitar que nos próximos dez anos o Día das Letras Galegas homenaxe as mulleres
 9. Solicitar a incorporación de novos contidos curriculares en todas as etapas educativas. Deberanse incluír coñecementos sobre mulleres referentes en todos os ámbitos da historia da humanidade, entre elas escritoras e editoras
 10. Manifestar a ausencia de recensións críticas e reclamarlas e incentivar a crítica literaria realizada por mulleres
 11. Fomentar a venda de libros escritos por mulleres e colocalas no centro de atención (autoras "estrela")
 12. Fomentar a visualización de autoras e editoras presentando as súas obras en espazos públicos e privados
 13. Solicitar a revisión do canon literario de forma permanente
- E calquera outra do ámbito das súas funcións asesoras.

Art. 4. Organización

A comisión de seguimento estará composta por:

1. Presidencia
2. Vicepresidencia
3. Vogalía
4. Secretaría



Art. 5. Presidencia

Ostentará a Presidencia da comisión a Presidencia da Deputación de Pontevedra

Art. 6. Funcións da Presidencia

- a) *Representar a comisión*
- b) *Fixar a orde do día da comisión e convocar, presidir e levantar as súas sesións*
- c) *Presidir as reunións e moderar o seu desenvolvemento*
- d) *Exercer calquera outra función que sexa inherente á Presidencia do órgano colexiado e calquera outra que lle poida encomendar a comisión*

Art. 6. Vicepresidencia

Ostentará a Vicepresidencia da comisión a presidenta da asociación Clásicas y Modernas.

Art. 7. Funcións da Vicepresidencia

- a) *Asistir a persoa titular da Presidencia no exercicio das súas funcións e exercer aquelas outras que esta lle delegue*
- b) *Exercer a dirección da comisión en caso de vacante, ausencia ou enfermidade da persoa que ostenta a Presidencia*
- c) *Participar na elaboración da orde do día que se lle debe achegar á Presidencia*
- d) *Exercer calquera outra función que lle poida encomendar a comisión*

Art. 8. Vogalía

Forman parte da comisión de seguimento do Manifesto de Soutomaior un máximo de quince vogais.

Entre estas e estes vogais estarán a xefa do Servizo de Igualdade e a directora de Cultura da Deputación de Pontevedra, e o resto, ata un máximo de trece persoas, serán inicialmente as asinantes do Manifesto de Soutomaior. En caso de vacantes, nomearanse persoas de relevancia no mundo cultural, académico ou profesional relacionado co ámbito de actuación do citado manifesto.

As persoas vogais designaranse mediante Resolución da Presidencia, a proposta da xefatura do Servizo de Igualdade, e o seu mandato será de catro anos.

Art. 9. Secretaría

A Secretaría da comisión exerceraa a secretaria ou secretario da Deputación ou a funcionaria ou funcionario en quen delegue.

Actuará na comisión con voz pero sen voto.

Art. 10. Funcións da Secretaría

Correspóndelle á Secretaría velar pola legalidade formal e material do citado órgano, así como as seguintes funcións:

- a) *Efectuar as convocatorias das reunións por orde da Presidencia*
- b) *Recibir os actos de comunicación das persoas que constitúen a comisión, notificacións, propostas para a orde do día e, en xeral, calquera tipo de documentación ou comunicación relacionada co funcionamento da comisión*
- c) *Preparar os asuntos da orde do día, redactar as actas das reunións e certificar as actuacións da comisión*
Cantas outras funcións lle sexan inherentes á función de Secretaría, ou as que lle asigne a Presidencia ou a propia comisión.



Art. 11. Funcionamento da comisión de seguimento

A comisión realizará unha sesión ordinaria cada seis meses.

Poderanse realizar sesións con carácter extraordinario a petición da maioría das persoas integrantes da comisión.

Art. 12. Convocatorias e sesións

Para a válida constitución do órgano, a efectos da realización de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a asistencia, presencial ou a distancia, da presidenta e da secretaria ou secretario, ou no seu caso, de quen lles substitúa, así como da metade, polo menos, das persoas vogais.

A convocatoria remitiráselles a todas e todos os membros da comisión a través de medios electrónicos e, como mínimo, dous días hábiles antes de ter lugar a sesión. Así mesmo, nesta farase constar a orde do día.

As persoas integrantes da comisión recibirán as asistencias equivalentes ás das comisións informativas".

A Comisión Informativa de Igualdade queda enterada do contido de dito informe

3. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás doce horas e vinte e dous minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.

